

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno**  
**correspondente ó día 1 de xuño de 2022**

Con data un de xuño do ano dous mil vinte e dous, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace [call.lifeseizecloud.com](https://call.lifeseizecloud.com) remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:**

D. José Manuel Baltar Blanco.

**Deputados/as:**

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Luz Doportó Real

**Secretario:**

D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º, don César Manuel Fernández Gil, que escusa a súa ausencia.

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE MAIO DE 2022.-** A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de maio de 2022.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 24 de maio de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA XXXII EDICIÓN DO PREMIO DE XORNALISMO XOSÉ AURELIO CARRACEDO.**- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases e a convocatoria da XXXII edición do premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, correspondente ó ano 2022, conforme coas seguintes cláusulas:

**Primeira.** Poderán optar a este premio todos os profesionais ou colaboradores habituais que exerzan o seu labor en medios de comunicación escritos, audiovisuais ou dixitais, en calquera das súas modalidades.

**Segunda.** Consistirá en dous premios:

-Un premio á traxectoria profesional, cuxa dotación será de tres mil euros (3.000,00 €), para recoñecer a traxectoria profesional dun xornalista. No veredicto serán tidos en conta especialmente os vencellos persoais ou profesionais con Galicia, especialmente coa provincia de Ourense.

-Un premio para un traballo xornalístico publicado no 2021, cuxa dotación será de mil cincocentos euros (1.500,00 €), para recoñecer unha peza xornalística destacada publicado ao longo do 2021 nun medio de comunicación. No veredicto serán tidas en conta temáticas vencelladas ao interior de Galicia e á realidade cotiá da provincia de Ourense.

**Terceira.** As propostas para optar aos premios poderán ser, indistintamente, presentadas polos propios interesados, pola dirección do medio no que foron publicadas, por institucións, asociacións, colectivos, persoas individuais ou polo propio xurado.

**Cuarta.** O traballos ou conxuntos de traballos –escritos, gráficos, audiovisuais ou dixitais-, que participen no concurso, terán que estar publicados en medios de comunicación galegos ou noutros medios de comunicación, pero deberán referirse a Galicia. No caso do premio para un traballo xornalístico deberán ser publicados entre o día 1 de xaneiro de 2021 e o día 31 de decembro do mesmo ano.

**Quinta.** O xurado do premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo estará presidido polo presidente da Deputación de Ourense ou persoa en quen delegue, e como vogais:

- Un representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.
- Un representante da Federación de Asociacións de Periodistas (FAPE).

- Un representante da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela.
- Un representante da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo.

O secretario do xurado, con voz pero sen voto, será o asesor de Comunicación da Deputación de Ourense.

**Sexta.** O prazo de recepción de propostas e presentación das propostas e traballos pecharase o 30 de xuño de 2022. O acto de entrega terá lugar na data que se indicará oportunamente.

**Sétima.** Modo de envío das propostas:

- 1) As propostas presentaranse exclusivamente a través da páxina web da Deputación de Ourense, no apartado “XXXII premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo”. No formulario os participantes farán constar os seus datos persoais: nome e apelidos, domicilio, teléfono, correo electrónico, DNI e currículo vitae; a modalidade do/dos traballo/s (prensa, radio, tele- visión, fotografía ou xornal dixital); e o/os traballo/os que se presentan ao premio. No caso de prensa, os traballos enviaranse escaneados nun arquivo PDF; no caso de radio, os audios enviaranse en formato mp3; no caso de televisión, enlace ao vídeo para poder visualizar e descargar o traballo; no caso de fotografía, os arquivos en formato PNG ou JPG da foto e da páxina (PDF), e no caso de traballos en xornais dixitais, arquivos escaneados en PDF e enlace á páxina web na que figura o traballo.
- 2) Para todas as modalidades: os participantes achegarán unha declaración asinada polo/s autor/autores do traballo (en formato PDF), na que certifican a súa autoría e a publicación/emisión da obra presentada a este certame, facendo constar o nome do medio de comunicación e a data na que foi publicada/emitida. Se os traballos se publicaron/emitiron sen asinar ou con pseudónimo, deberá achegarse un certificado do director do medio, no que conste a data de publicación/emisión e o nome do/s autor/es.

**Oitava.** A participación neste premio periodístico implica a aceptación das bases. Quedan excluídos de participar neste certame os funcionarios e o persoal laboral da Deputación de Ourense. Valorarase de xeito positivo a realización e presentación de traballos en lingua galega.

**Novena.** Logo de darse a coñecer o veredicto do xurado, procederase á destrución dos traballos non premiados.

2º.- A convocatoria deste premio publicárase no BOP de Ourense.

**3.- APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A PERSOAS FÍSICAS QUE LEVEN A CABO PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROXECTO EMPRENDOU.**

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlles unha subvención, no concurso público de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de autoemprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense, no marco do proxecto emprendOU, ás persoas e proxectos emprendedores que se identifican a continuación e pola contía indicada:

N.º	N.º EXP.	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL SUBVENCIÓN
1	2022/6890T	SABELA DOMÍNGUEZ SOUTO	****014**	MONTERREI	OUTROS SERVIZOS CULTURAIS NCOP	Podendo ser ata un máximo de 10 meses	O 75% do SMI vixente en cada momento (7.500€)

**4.- APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS FEDERACIONS OU AGRUPACIONS DE ASOCIACIONS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO 2022.**

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Admitir a trámite as seguintes solicitudes na convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais, exercicio 2022:

<i>FEDERACIONS OU AGRUPACIONS DE ASOCIACIONS VECIÑAIS DE OURENSE 2022</i>		
<i>N.º</i>	<i>SOLICITANTE</i>	<i>NIF/DNI</i>
<i>1</i>	<i>FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR</i>	<i>G32226276</i>
<i>2</i>	<i>AGRUPACION DE AA.VV.MIÑO</i>	<i>G32408023</i>
<i>3</i>	<i>FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MMRR DE OURENSE (FEMURO)</i>	<i>G32237869</i>

2º.- Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes, dentro da convocatoria de concurso público para a concesión

de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais:

<i>FEDERACIÓN OU AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE OURENSE 2022</i>			
<i>N.º</i>	<i>SOLICITANTE</i>	<i>NIF/DNI</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>1</i>	FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276	18.534,95 €
<i>2</i>	AGRUPACION DE AA.VV.MIÑO	G32408023	17.487,73 €
<i>3</i>	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MMRR DE OURENSE (FEMURO)	G32237869	6.977,32 €

3º.- Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CULTURAL PRIVADA OTERO PEDRAYO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2022.-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención á Fundación Cultural Privada Patronato Otero Pedrayo, nos seguintes termos:

**-Importe:** 35.000,00 euros.

**-Obxecto:** Gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2022.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, polo importe concedido (35.000,00 euros), todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e aos efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a

realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo

máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2022.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

## **6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN VICENTE RISCO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO**

**2022.**- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención á Fundación Vicente Risco, nos seguintes termos:

**-Importe:** 14.000,00 euros.

**-Obxecto:** Gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2022.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, polo importe concedido (14.000,00 euros), todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a



realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2022.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

## **7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á REAL ACADEMIA GALEGA PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO**

**2022.**- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención á Real Academia Galega, nos seguintes termos:

**-Importe:** 25.000,00 euros.

**-Obxecto:** Gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2022.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, polo importe concedido (25.000,00 euros), todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e aos efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2022.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL, CORRESPONDENTES Ó ANO 2022.-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

**-Importe:** 51.000,00 euros.

**-Obxecto:** Gastos de funcionamento da Escola Infantil Municipal de Avión, correspondentes ao ano 2022.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento concedido para a concesión da subvención (51.000,00) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

